# PODCAST : ACTIVIDADE EN MOODLE

O módulo de actividade de podcast permite aos participantes crear un podcast e publicar episodios consistentes en ficheiros de vídeo e / ou audio.

Poderase navegar polos episodios alfabeticamente ou por categoría, data ou autor. Os episodios pódense aprobar de xeito predeterminado ou requirir a aprobación dun profesor antes de que todos os poidan ver.

Un profesor pode permitir comentarios sobre episodios.
Os episodios tamén poden ser valorados por profesores ou estudantes (avaliación por pares). As valoracións agréganse para formar unha nota final que se rexistra no libro de cualificacións.

Os estudantes poden subscribirse ao podcast usando o seu navegador web favorito ou unha aplicación de audio como iTunes, Winamp ou Windows Media Player e escoitalos nun reprodutor de MP3 portátil como un iPod.

**1. Engadir actividade ou recurso > Podcast**



**2. Inserir un nome para o noso podcast, unha descrición** (recordamos que debemos activar “Presentar a descrición na páxina do curso” se queremos que vexan a descrición antes de premer na actividade) **e un máximo de tamaño de arquivo.**




**3. Posting Options:** por defecto ven a seguinte configuración pero podemos adaptala ás nosas necesidades.



**4. Podcast image:** Engadir unha imaxe para o noso podcast. Pode ser algo representativo do contido/tema do podcast, da aula, imaxe do autor do podcast...

**5. Puntuacións, Configuración común do módulo e restrinxir acceso:** configuraremos estes tres puntos segundo as nosas necesidades. Son configuracións comúns nas actividades moodle.

**6. Completado de actividade :** podemos escoller que non se necesite completado de actividade, que o alumnado poida marcar que completaron a actividade ou, o máis recomendable, se queremos asegurarnos que se realizou a escoita do episodio do podcast marcar a seguinte configuración.




**7. Etiquetas :** debemos inserir tantas etiquetas como queiramos para clasificar os episodios do noso podcast. Debemos ir escribindo as palabras e separalas con comas (,)




**8.** Unha vez rematada a configuración, gardamos e volvemos ao curso ou presentamos a actividade. Teremos xa o noso podcast na sección onde inseriramos a actividade. Debemos premer na actividade para poder **engadir os episodios do noso podcast.** Faremos esta acción cada vez que queiramos inserir un novo episodio.



9. Por último, completaremos a seguinte información sobre o noso episodio e engadiremos o arquivo de audio en *“Attachment”* no recadro de *Media File.*




10. Unha vez feito esto, xa teremos o noso podcast creado para ir engadindo os episodios do mesmo, tanto nós, como o alumnado se activamos esa opción.